


Sumario | nº31 – Novembro 2023

OPINIÓN

A importancia de elixir o tema da túa tese de doutoramento ↗



Benvid@s!

Que fago eu matriculándome no doutoramento? ↗

EDIUS **NOVAS**

Primeiras xornadas sobre Literatura Hispanoamericana ↗

EDIUS **NOVAS**

Terceira edición das Xornadas internacionais de iniciación á investigación en estudos da literatura ↗

EDIUS **NOVAS**

Ciencia aberta e humanidades dixitais ↗

ENTREVISTA **Emilio Rodríguez**

«A humanización das UCI debe levar aparellada un cambio de mentalidade da xente involucrada: pacientes, familiares e profesionais» ↗

EDIUS **NOVAS**

Como mellorar as habilidades para obter información durante o proceso de investigación e alcanzar a visibilidade e o impacto desexados ↗
César Gómez Pérez

EDIUS **NOVAS**

Preto de 450 persoas inician este curso os estudos de doutoramento na USC ↗

ENTREVISTA **Andrea Cascallar**

Premio Eusflat á Mellor Tese Europea polo seu traballo no CiTIUS
«A investigación no ámbito público é sempre unha opción, pero no privado hai cada vez máis ofertas interesantes» ↗

EDIUS

Mencións ao título: Industrial, Internacional e en Cotutela ↗

EDIUS **NOVAS**


Proxecto GUESSS para coñecer mellor o estudiantado da USC ↗

Bemvid@s!



A EDIUS celebrou o pasado 23 de outubro a xornada de benvida para novos doutorandos e doutorandas. O acto foi presidido polo director da Escola, Pablo Taboada Antelo, que estivo acompañado por Carolina López Gómez, xefa de Sección da EDIUS.

O novo alumnado da Escola puido asistir a estas xornadas presencialmente e tamén vía telemática.



[↩ Ir ao sumario](#)

Benvid@s!

Que fago eu matriculándome no doutoramento?

Falamos con doutorandos e doutorandos que empezan este curso a súa tese para que nos contasen por que se decidiron a iniciar esta etapa, que pensan que lles vai suponer a nivel persoal e que beneficios pode reportar o seu traballo á sociedade.



NICOLÁS LUNA PUENTE

Programa de Doutoramento en Educación

No meu ámbito (a profesión docente) resulta preciso acompañar a acción didáctica de evidencias científicas. Sobre os beneficios que me reportará facer a tese, pensó que, o día de mañá, sería moi enriquecedor para min exercer como mestre de Educación Física e compatibilizalo co meu labor na investigación e na universidade. A miña tese versa sobre o 'Deporte alternativo en Primaria'. Este concepto promove a equidade, aviva as relacións cooperativas e "contaxia" o apetito motriz. Amais, potencia o desenvolvemento integral do alumnado.




LAURA OUVIÑA FERRADÁS

Programa de Doutoramento en Educación

Traballo en Educación e vexo que o sistema de aprendizaxe tradicional de segunda e terceira lingua non é efectivo no noso país (os estudantes desenvolven altas capacidades a nivel escrito, pero non son capaces de comunicarse utilizando a lingua oral). Pola miña bagaxe, puiden ver que, se modificamos o sistema (aplicando pequenas pautas en idades temperás), estas capacidades desenvólvense ao mesmo nivel. A miña tese pretende contribuír á mellora do sistema educativo nacional e axudar aos estudantes a comunicarse nos novos idiomas como se foran os propios.

[↩ Ir ao sumario](#)

Benvid@s!



DIEGO GALLEGO BARRIOS

Programa de Doutoramento en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos


Sempre tiven curiosidade por entender o corpo humano e as enfermidades. O Grao en Farmacia despertou o meu afán por querer desenvolver medicamentos innovadores para enfermidades que son incurables actualmente. A tese permitírame contribuír a este progreso social e, ademais, permitírame adquirir unha batería de competencias multidisciplinares que beneficiará á sociedade tanto na transferencia de resultados como tamén de coñecementos.



LAURA DOCAMPO LÓPEZ

Programa de Doutoramento en Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

Decidinme a facer unha tese porque sempre me gustou a idea de estudar para sempre. Encántame aprender cousas novas, e nestes últimos anos fun descubriendo que o mundo da investigación reúne todo o que preciso para seguir desafiándome a min mesma. Ademais, teño a sorte de poder facela sobre un tema que me apaixona: a psicoloxía política. Esta ten un papel crucial na sociedade: como nos comportamos a nivel social e político e as consecuencias de ditas condutas atravesan as vidas de todo o mundo.



JAVIER GÓMEZ BARREIRO

Programa de Doutoramento en Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

Decidín facer unha tese logo de crear, a nivel persoal, unha ferramenta dixital chamada **Genomepleio** (nome xurídico: genomepleio SL). Esta ferramenta pretende facilitar o traballo de diagnose de enfermidades xenéticas ós clínicos e emprega como base de datos de referencia a base OMIM da Universidade Johns Hopkins. O equipo da Unidade de Persoas con Necesidades Especiais en Odontoloxía da USC dirixido polo Doutor Pedro Diz Dios e os seus colaboradores foron determinantes para animarme a facer un traballo de investigación que conforme a miña tese. O beneficio persoal será o resultado de someter a avaliación á ferramenta Genomepleio usando unha sistemática científica, e a propia experiencia derivada de traballar cun equipo de larga traxectoria investigadora e de enorme prestixio internacional. No ámbito de transferencia a nivel social espero constatar que esta ferramenta dixital poida aportar un beneficio na diagnose en persoas con enfermidades xenéticas.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Preto de 450 persoas inician este curso os estudos de doutoramento na USC

Un total de 448 doutorandos e doutorandas comezan o curso académico na EDIUS.

O número total de matriculados na Escola Internacional de Doutoramento da USC con data 18 de outubro de 2023 ascendía a 2.376, dos que 448 inician este curso académico os seus estudos. Este número irase incrementando porque aínda hai alumnado de continuación pendente de formalizar a matrícula.

Para calcular o número definitivo de alumnos da EDIUS este curso haberá que agardar a coñecer os datos do **segundo período de matriculación**, que se levará a cabo ao longo do vindeiro mes de febreiro de 2024.

Por áreas, a de Ciencias da Saúde é a máis numerosa, representando o 33,2% das matriculacións totais da Escola (789). Esta área ocupa tamén o primeiro posto nas matrículas de novo alumnado. Un total de 158 persoas formalizaron a matrícula en Ciencias da Saúde (35,2%), seguida moi de preto polas 115 novas matriculacións en Ciencias Sociais e Xurídicas (25,2%).

ÁREA	MATRICULACIÓNS
Artes e Humanidades	440
Ciencias	414
Ciencias da Saúde	789
Ciencias Sociais e Xurídicas	555
Enxeñaría e Arquitectura	178
Total xeral	2376

NOVAS MATRÍCULAS	TOTAL
Artes e Humanidades	89
Ciencias	59
Ciencias da Saúde	158
Ciencias Sociais e Xurídicas	115
Enxeñaría e Arquitectura	27
Total xeral	448

[↩ Ir ao sumario](#)

DATOS POR PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

ESTUDO	Prazas	Solicitudes de admisión	Solicitudes admitidas	Matriculados	Lista de agarda	Prazas libres
Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	10	10	4	4	0	6
Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	9	5	2	1	0	8
Ciencia e Tecnoloxía Química	50	26	23	21	0	29
Ciencia de Materiais	20	21	15	11	0	9
Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	15	5	2	2	0	13
Estatística e Investigación Operativa	8	4	1	0	0	8
Física Nuclear e de Partículas	30	9	7	7	0	23
Láser, Fotónica e Visión	6	2	2	2	0	4
Matemáticas	10	12	10	8	0	2
Medio Ambiente e Recursos Naturais	20	5	3	3	0	17
Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento	10	10	3	3	0	7
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	10	0	0	0	0	10
Matemáticas e Aplicacións	9	8	1	1	0	8
Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	10	8	6	6	0	4
Ciencias Odontolóxicas	17	22	17	16	0	1
Endocrinoloxía	15	10	7	7	0	8
Epidemioloxía e Saúde Pública	15	21	12	11	0	4
Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	15	7	6	6	0	9
Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	12	7	6	6	0	6

ESTUDO	Prazas	Solicitudes de admisión	Solicitudes admitidas	Matriculados	Lista de agarda	Prazas libres
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	28	29	26	26	0	2
Investigación Clínica en Medicina	40	67	40	40	8	0
Medicina e Sanidade Veterinaria	16	5	5	5	0	11
Medicina Molecular	40	37	34	27	0	13
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	18	14	8	6	0	12
Ciencias da Visión	6	2	2	2	0	4
Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	10	7	3	3	0	7
Comunicación e Información Contemporánea	15	21	11	10	0	5
Dereito	15	49	15	15	25	0
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	10	16	5	5	0	5
Economía e Empresa	20	54	20	20	1	0
Educación	20	32	20	20	3	0
Equidade e Innovación en Educación	12	34	10	8	8	4
Márketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	22	22	14	9	0	13
Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social	10	5	3	3	0	7
Análise Económica e Estratexia Empresarial	12	38	9	6	0	6
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	12	13	5	5	0	7
Turismo	10	12	8	5	0	5
Ciencias Sociais e Envellecemento	4	2	2	0	0	4

ESTUDO	Prazas	Solicitudes de admisión	Solicitudes admitidas	Matriculados	Lista de agarda	Prazas libres
Relacións Laborais e Recursos Humanos	10	10	3	3	0	7
Didáctica das Ciencias Experimentais	6	6	4	4	0	2
Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	13	4	1	1	0	12
Enxeñaría Química e Ambiental	15	5	5	4	0	11
Investigación Agraria e Forestal	20	15	11	9	0	11
Investigación en Tecnoloxías da Información	20	19	16	13	0	7
Enxeñaría Termodinámica de Fluídos	2	1	0	0	0	2
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	9	2	1	1	0	8
Estudos da Literatura e a Cultura	15	24	15	15	3	0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	14	11	7	5	0	9
Estudos Medievais	13	10	10	10	0	3
Filosofía	12	16	10	8	0	4
Historia Contemporánea	20	13	10	8	0	12
Historia, Xeografía e Historia da Arte	30	36	27	25	0	5
Lingüística	12	19	12	11	2	1
Lóxica e Filosofía da Ciencia	6	2	1	1	0	5
Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	6	1	1	1	0	5
Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	14	8	8	5	0	9
Protección do Patrimonio Cultural	5	3	0	0	0	5

DE ONDE PROCEDE O ALUMNADO?

Do total dos 2.376, 1.597 doutorandos e doutorandas teñen nacionalidade española (67,2%). O resto, proveñen de países de todo o mundo. Os estudantes de doutoramento máis numerosos despois dos españois son os de Portugal (149), seguidos dos de Ecuador (64), Brasil (53) e Colombia (41). O continente americano é, polo tanto, o que ten máis alumnado de doutoramento matriculado na USC.

POR ÁREA	MATRICULACIÓNS
Artes e Humanidades	305
Ciencias	280
Ciencias da Saúde	631
Ciencias Sociais e Xurídicas	277
Enxeñaría e Arquitectura	104
Total xeral	1597

PAÍSES	MATRICULACIÓNS	PAÍSES	MATRICULACIÓNS
Afganistán	2	Canadá	1
Alemaña	11	Casaquistán	1
Alxeria	12	Chad	1
Angola	4	Chile	21
Armenia	2	China	22
Arxentina	17	Chipre	1
Austria	1	Colombia	41
Bélxica	2	Congo	2
Bolivia	2	Costa Rica	4
Brasil	53	Croacia	1
Reino Unido	9	Cuba	11
Bulgaria	1	República Dominicana	4
Cabo Verde	6	Ecuador	64

PAÍSES	MATRICULACIÓNS	PAÍSES	MATRICULACIÓNS
España	1597	Nixeria	3
Estados Unidos	7	Palestina	6
Exipto	3	Panamá	8
Filipinas	1	Paquistán	22
Finlandia	1	Paraguai	5
Francia	7	Perú	10
Gambia	1	Polonia	4
Grecia	1	Portugal	149
Guatemala	11	Quenia	1
Guinea	2	Romanía	1
Honduras	4	Rusia	6
India	11	Salvador	1
Irán	16	Arabia Saudí	5
Iraq	8	Singapur	1
Irlanda	1	Siria	2
Italia	22	Suíza	23
Kuwait	2	Tailandia	1
Líbano	6	Taiwán	2
Liechtenstein	1	Túnez	4
Mali	1	Turquía	3
Costa de Marfil	1	Uruguai	9
Marrocos	7	Venezuela	24
México	37	Vietnam	2
Moldavia	1	Xapón	1
Mozambique	6	Xordania	24
Países Baixos	2	(En branco)	5
Nicaragua	1	Total xeral	2376



Julia Rey Brandariz

Membro da Comisión
de Calidade da EDIUS

OPINIÓN

A importancia de elixir o tema da túa tese de doutoramento

Elixir o tema da túa tese de doutoramento é unha das decisións máis importantes que debes tomar ao embarcarte nesta nova etapa académica. A tese doutoral é moi demandante, require de moito esforzo e é un proxecto no que traballarás durante varios anos da túa vida. Por iso, elixir un tema co que conectes, que che guste e que te motive fará que disfrutes moito máis do camiño e o faga máis levadeiro ante os posibles retos que se presenten. Ademais, a elección dun tema que te entusiasme fará que a calidade da túa tese de doutoramento aumente, xa que este entusiasmo pode levarte a que sexas máis minucioso na investigación, a que explores dunha maneira máis profunda a literatura existente e a que propoñas ideas innovadoras que poidan dar lugar a contribucións moi importantes no teu campo de investigación.

Por outro lado, a elección dun tema que te motive tamén permitirá manter un equilibrio saudable entre a túa vida académica e persoal. A tese de doutoramento é un camiño que, en ocasións, é desafiante e agotador polo que a falta de motivación ou o feito de traballar nun tema que non che guste pode dar lugar a que te desanimes, te sintas abrumado ante a carga de traballo e incluso que te leve a abandonar o proxecto. Por iso, antes de tomar esta decisión debes estar seguro da elección do tema que vas realizar, xa que non soamente marcará os próximos anos da túa vida, senón que tamén probablemente marcará a túa carreira profesional.

[↩](#) Ir ao sumario

EDIUS

Mencións ao título: Industrial, Internacional e en Cotutela

As **mencións ao título** son cualificacións honoríficas que se inclúen no título sempre que se cumpran unha serie de requisitos formais e académicos específicos para cada unha delas. Poden ser tres: Mención de Doutoramento Industrial, Mención de Doutoramento Internacional e Mención de Tese en Cotutela.

O cumprimento destes requisitos avalíase pola EDIUS e as comisións académicas dos programas segundo o estipulado no regulamento.

MENCIONS AO TITULO

A

MENCIÓN INDUSTRIAL

A tese con Mención de Doutoramento Industrial é aquel traballo orixinal no que se dá resposta a un problema industrial ou se desenvolve un proxecto innovador relacionado coa industria. Debe ser realizada no seo dunha empresa (do sector privado ou do sector público ou Administración Pública) en calquera área de coñecemento.

Para poder optar a esta mención, o alumno ou alumna terá que acreditar que conta con:

- **Un contrato de traballo** cunha duración de polo menos 18 meses no que se especifique que dedica polo menos o 50% da xornada laboral ao desenvolvemento do proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental.
- **Unha memoria descritiva do proxecto de investigación industrial** ou de desenvolvemento experimental que se está a realizar visada pola empresa.
- **Un titor/a na empresa**, que poderá exercer de director/a da tese sempre que conte cos requisitos para ser incluído/a no Rexistro de directores da USC.

Se o doutorando ou doutoranda cumpre cos anteriores requisitos, deberá **realizar ante a EDIUS unha solicitude para que se aprobe a realización da tese baixo a modalidade de Doutoramento Industrial**, seguindo os seguintes pasos:

A

MENCIÓN INDUSTRIAL

- **Inicio:** enviar por correo o formulario de Solicitud de tese doutoramento industrial
- **Aprobación da EDIUS:** tras analizar a documentación, a Escola comunicará se se considera o proxecto un doutoramento industrial ou non, así como a necesidade, no seu caso, da sinatura dun convenio coa empresa.
- **Cando se deposite, haberá que presentar:**
 - **Nova memoria** da empresa na que se faga referencia ao desenvolvemento e alcance do proxecto realizado en relación coa tese.
 - Un **certificado de vida laboral actualizado** que comprenda o período de realización da tese na empresa.

B

MENCIÓN INTERNACIONAL

As teses cunha especial proxección internacional, realizadas en colaboración con centros de investigación e innovación de prestixio e que ademais contén co respaldo de expertos internacionais acreditados, poderán optar a esta mención a condición de que se acredite o cumprimento dos seguintes requisitos:

■ **Estadía de investigación**

Durante o período de formación necesario para a obtención do título de doutora ou doutor, a doutoranda ou doutorando realizará unha ou varias estadias durante, polo menos, tres meses de duración fóra de España nunha ou varias institucións de ensinanza superior ou centros de investigación de prestixio co obxecto de complementar e reforzar a súa formación investigadora. No caso de realizar varias estadias, cando menos unha delas terá unha duración mínima dun mes. As estadias e as actividades deben ser avaladas pola directora ou director e autorizadas pola comisión académica.

- Para estes efectos, non se considerará válida a estadía efectuada no país do que sexas natural nin na institución na que traballes.
- Tampouco poderán computar como estadía, ou partes dunha estadía, a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, etc.

B MENCIÓN INTERNACIONAL

Finalizada a estadía ou algún dos seus períodos, **haberá que incorporala ao documento de actividades** para que forme parte da túa avaliación anual.

■ Lingua de redacción da tese

Parte da tese, polo menos o resumo e as conclusións, deberá estar redactada e defendida nunha das linguas habituais para a comunicación científica na túa área, **distinta a calquera das linguas oficiais en España**.

Esta norma non será de aplicación cando as estadías, os informes e a presenza de expertos/as procedan dun centro ou institución dun país de fala hispana.

■ Informe favorable de polo menos dous expertos internacionais

Un mínimo de **dúas persoas expertas doutoras** pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación **non española** terán que emitir un informe favorable sobre a tese.

■ Tribunal da tese

Polo menos **unha persoa experta** dalgunha institución de educación superior ou centro de investigación **non español**, co título de doutor/a, e distinta da persoa responsable da titorización da estadía, formará parte do tribunal que avalíe a defensa da tese.

Os expertos/as internacionais que informan a tese poden posteriormente formar parte do tribunal, a condición de que non fosen os titores/as da estadía. É dicir, a persoa que foi titora da estadía pode emitir informe da tese. Á súa vez, quen informe a tese pode formar parte do tribunal. O que non é posible é que quen titoriza a estadía forme parte do tribunal.

C MENCIÓN DE TESE EN COTUTELA

É a realización da tese baixo a dirección de polo menos dous directores/as pertencentes a dúas universidades: a USC e outra universidade estranxeira.

As dúas universidades asinan un convenio no que fixan os termos da colaboración entrambas e coordinan as actuacións conducentes a que **unha única defensa exitosa da tese poida dar lugar a dous títulos de doutora ou doutor**, un por cada universidade participante.

No anverso do título expedido pola USC, incluírase a dilixencia “Tese en réxime de cotutela coa Universidade X”.

C MENCIÓN DE TESE EN COTUTELA

Con este tipo de colaboración entre universidades a USC quere fomentar o intercambio entre grupos de investigación, a mobilidade dos doutorandos/as e a excelencia das teses doutorais.

Que requisitos hai que cumprir para optar á mención de cotutela?

- Matricularse anualmente nun programa de doutoramento en ambas universidades durante todos os cursos académicos que dure a preparación da tese, estando exento do pago das taxas na Universidade na que non estea fixada a defensa.
- Realizar unha estadia de investigación en cada universidade de polo menos seis meses de duración, que poden ser discontinuos.

Ademais, requírese que entre ambas universidades se formalice un convenio de cotutela.

Como se solicita a cotutela?

Para acollerse a esta mención, a persoa interesada debe comunicarllo ao director/a na USC **durante o primeiro ano de matrícula na USC**, e buscar des outra dirección para a tese noutra universidade estranxeira.

A solicitude someterase á aprobación da CAPD correspondente, así como da Comisión Executiva da EDIUS.



EDIUS NOVAS

Proxecto GUESSS para coñecer mellor o estudantado da USC

Proxecto GUESSS
(*Global University
Entrepreneurial
Spirit Students'
Survey*).



O proxecto GUESSS investiga a intención de elección de carreira, así como as actividades de emprendemento dos estudantes universitarios (grado, mestrado e doutoramento) en máis de 3.000 universidades de máis de 60 países. O proxecto está coordinado pola Rede GEM España. A USC participa a través do Observatorio GEM de emprendemento de Galicia, unha iniciativa que é froito dun convenio entre a USC e a Xunta.

A organización anima ao alumnado de doutoramento a participar nunha enquisa e, así, ter a oportunidade de optar aos premios que se sortean entre as persoas que participen. Todos os cuestionarios completados entrarán no sorteo de cinco premios de 1.000€ a nivel nacional, e 2 premios dunha noite nunha “cabañita del bosque” para o estudantado da Universidade de Santiago de Compostela.

Os doutorandos e doutorandas interesados deberán acceder á enquisa a través [desta ligazón](#). Completala levará aproximadamente entre 10 e 15 minutos. Toda a información que se solicita na enquisa é anónima e altamente confidencial.

 [Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Andrea
Cascallar

Premio Eusflat á Mellor Tese Europea
polo seu traballo no CiTIUS

«A investigación no ámbito público é sempre unha opción, pero no privado hai cada vez máis ofertas interesantes»

Andrea Cascallar (Cerponzóns, Pontevedra, 1993) é a primeira española, e a cuarta muller en Europa, en recibir o Premio **Eusflat** (Sociedade Europea de Lóxica Difusa e Tecnoloxía - EUSFLAT, polas súas siglas en inglés) á mellor tese europea polo seu traballo de doutoramento no **CiTIUS** (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes) da Universidade de Santiago. Este recoñecemento avala a extraordinaria labor da moza científica ao longo da súa etapa de predoutoramento, concluída en 2022 coa defensa pública da súa tese.

O premio da Eusflat supón tamén un recoñecemento ao labor formativo do CiTIUS que, por segunda vez, celebra a concesión deste galardón a un membro egresado. Alejandro Ramos, codirector da tese de Andrea xunto co investigador do CiTIUS Alberto Bugarín, recolleu o mesmo premio en Varsovia en 2016.

No seu traballo abordou o desafío científico de modelar a imprecisión na linguaxe, hibridando as Protoformas Cuantificadas Difusas coa Xeración de Linguaxe Natural (NLG), e máis concretamente, cos sistemas D2T ou Datos a texto (Data-To-Text). Un ámbito clave da Intelixencia Artificial (IA) que facilita a comunicación entre humanos e máquinas ao “traducir” a información contida nos datos (ás veces, inintelixible) á linguaxe natural empregada polas persoas, que con moita frecuencia utiliza termos imprecisos.

Como recibiches este premio?

Pois con sorpresa porque é un premio a nivel europeo e a competencia sempre é moi alta, pero é unha gran satisfacción que se recoñeza o meu traballo desta maneira. A tese é un proceso longo e ás veces xorden dúbidas de se é o camiño correcto. Deste xeito, que alguén recoñeza o que fixeches é moi gratificante.

Como foi o proceso para optar a este recoñecemento?

En primeiro lugar, hai que presentar as candidaturas. No meu caso foi o meu director de tese, Alberto Bugarín, quen me animou a presentar a tese a este premio. Sabiamos que son premios moi esixentes, pero había que intentalo e el cría que podía gañar.

[↩ Ir ao sumario](#)



«O meu traballo consiste en abordar a imprecisión da linguaxe á hora de xerar textos. Facer o proceso moito máis sinxelo»

Como resumirías para que o entendamos todos que se investiga a túa tese?

O meu traballo consiste en abordar a imprecisión da linguaxe á hora de xerar textos. Facer o proceso moito máis sinxelo.

Como se che ocorreu abordar este tema?

Xa empecei a tratar este tema no meu Traballo de Fin de Mestrado (TFM), que foi dirixido polas mesmas persoas que a tese. Decidimos continuar con este traballo de investigación na tese. Foron catro anos traballando até que presentei a tese en maio do ano pasado.

De que xeito está a afectar este recoñecemento á túa carreira profesional?

O premio creo que tivo bastante alcance, máis do que me esperaba e iso fixo que, por exemplo, en LinkedIn me contactaran unhas cantas persoas para ofrecermes traballo. A investigación no ámbito público é sempre unha opción, pero no ámbito privado hai cada vez máis

ofertas interesantes nas que se valora a investigación. No meu caso, pode ocorrer que, ao ter este premio, haxa empresas ou organismos que se decanten por min á hora de contratar a alguén.

Como ves o presente e o futuro máis próximo no eido da investigación aquí?

Creo que é factible traballar aquí. Puiden comprobalo persoalmente porque, por exemplo, no CITIUS sempre hai moitos proxectos en marcha. Sen embargo, tamén digo que é complicado porque conseguir financiamento a través das convocatorias públicas para facer unha tese é un proceso moi esixente e pode resultar moi complicado. Se tes que facer a tese mentres traballas, estás obrigada a repartir o tempo e a non poder dedicarlle todo o tempo e esforzo á investigación, que é o mellor que ten a universidade. Estas situacións empanan un pouco a experiencia de investigar en algo que che gusta. Tampouco axudan a incerteza e os soldos, que son un pouco axustados. Unha vez finalizada a tese case estás na obriga de irte un tempo fóra para facer currículo e despois optar a, por exemplo, unha praza de axudante doutor. Son prazos sempre moi longos e un proceso complicado. Creo que se tarda demasiado en conseguir estabilidade.

Como ves ti o nivel da investigación na USC?

Creo que esta universidade ten un moi bo nivel de investigación. En Galicia hai moito talento e a formación que temos dispoñible é moi boa. Hai moitas e moi boas opcións e vexo que hai moito talento rodeándome.

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Emilio
Rodríguez Ruiz

Emilio Rodríguez Ruiz, Programa de Doutoramento en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses da USC

«A humanización das UCI debe levar aparellada un cambio de mentalidade da xente involucrada: pacientes, familiares e profesionais»

Como recibiches a noticia deste recoñecemento?

O premio colleume de imprevisto porque o tema da miña tese, a humanización das UCI, é un asunto pouco estudado até o momento. É toda unha honra recibir este recoñecemento porque é un premio a anos de esforzo e a todos os traballos realizados.

Que supón para ti?

Unha reafirmación do traballo ben feito. En Medicina, á hora de seleccionar un tema para elaborar unha tese de doutoramento, sempre recomendan temas de investigación, sobre novos fármacos, innovación... Pero a min parecía importante poñer en valor a humanización da profesión e volvernos centrar nos coidados das persoas e nese proceso están involucrados pacientes, familiares e profesionais.

Como decidiches investigar sobre este tema?

Foi decisivo o apoio dos meus directores de tese: Antonio Rodríguez Núñez, catedrático e xefe da UCI Pediátrica do CHUS; e María Sol Rodríguez Calvo, profesora de Ética Médica. Grazas a eles souben como enfocar o tema.

A que te refires exactamente cando falas de humanización das UCI?

Cando se fala de humanización en UCI de adultos o primeiro que pensa a xente é na modernización das infraestruturas, en espazos máis amplos... Por suposto que iso é necesario e estanse facendo importantes melloras, pero non é só iso. A humanización debe levar aparellada un cambio de mentalidade de toda a xente involucrada: pacientes, familiares e profesionais. Cando pensamos na UCI, aínda nos vén á cabeza ese sitio onde vai a xente a morrer e onde case non se pode acceder. Hai que cambiar esa idea. Hoxe en día sabemos que a mortalidade das UCI están por debaixo do 16%. Polo tanto, a maioría dos pacientes están aí para sobrevivir a unha enfer

midade. Ademais, estas unidades deben ser espazos nos que poder estar coa familia, non podemos evitar que os familiares entren nestes lugares. Moitos pacientes están nas súas casas ao coidado de familiares. Non pode ser que cando chegan á UCI a figura do coidador principal desapareza. Debemos colaborar entre todos porque está demostrado que iso mellora a satisfacción e o resultado clínico dos pacientes.

Que poden facer os profesionais?

Hai que cambiarlles a idea que teñen. Antes só estaba cos pacientes o persoal sanitario, había moitas reticencias de que entrase a familia. Por unha banda, polo medo a que non puidesen traballar de maneira correcta, pero tamén porque se están familiares dentro, os erros -que como en todas as profesións sempre os hai- poden non pasar desapercibidos. Os profesionais temos que ver que é todo o contrario, debemos entender que a familia pode ser de gran axuda á hora de coidar dos pacientes. O principal é que o paciente estea ben tratado e cun tratamento adecuado.

Existe unha preparación específica para os profesionais das UCI?

En España, existe a especialidade de medicina intensiva, unha formación de 5 anos para traballar nas UCI e para dar soporte nas plantas e nos servizos de urxencias. Sen embargo, en enfermería, aínda non existe esta especialidade. Hai unha Sociedade moi potente que leva tempo solicitando esta especialidade, que xa existe noutros países como Alemaña e Reino Unido. Eu estou completamente a favor desta reivindicación.



EDIUS NOVAS


Terceira edición das Xornadas internacionais de iniciación á investigación en estudos da literatura

A USC e a Fundación Camilo José Cela colaboran na organización, entre os días 25, 26 e 27 de marzo de 2024, das 'III Xornadas de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura'. A actividade pretende promover a difusión da labor investigadora levada a cabo por doutorandos e doutorandas especializados nos estudos literarios. O obxectivo é facer destas xornadas un lugar de encontro que favoreza o intercambio de ideas e de experiencias.

A organización convida ás persoas interesadas que sexan actualmente estudantes de doutoramento ou de mestrado (nunha universidade española ou estranxeira) a presentar unha proposta de comunicación. A tipoloxía das xornadas será presencial, non aceptándose a participación por vía telemática.

As propostas terán que ser orixinais e inéditas e axustaranse a unha ou varias das seguintes liñas de investigación:

- Teoría da literatura
- Literatura comparada
- Edición dos textos literarios
- Historia da literatura
- Crítica literaria
- Estudos culturais



A duración prevista para cada comunicación é de quince minutos, aos que seguirán cinco minutos de debate co público asistente. As comunicacións realizaranse preferentemente en castelán ou en galego. Con todo, no caso de que o participante estea preparando a súa tese nunha lingua distinta (inglés, francés, portugués, italiano...), aceptarase que presente unha proposta en dita lingua.

Todas aquelas persoas interesadas en inscribirse ás xornadas deberán remitir un correo electrónico á dirección xornadasusc2024@gmail.com, na que conste o título da comunicación e un resumo de 150 - 200 palabras, así como os seguintes datos: nome e apelidos do participante, correo electrónico, teléfono e institución na que se realiza o doutoramento ou o mestrado.

A data límite para o envío de propostas é o 30 de novembro de 2023. Durante o mes de febreiro, farase chegar a tódolos participantes o programa das xornadas. A inscrición no evento é gratuíta.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Primeiras xornadas sobre Literatura Hispanoamericana

Organizada pola Cátedra de Cultura
Latinoamericana Alejo Carpentier

O vindeiro 23 de novembro celebrárase no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía a 'I Jornada de Literatura Hispanoamericana', organizada pola Cátedra de Cultura Latinoamericana Alejo Carpentier. A xornada arrancará ás 11:00 da mañá coa presentación do libro Poesía e política na actualidade. Aproximacións Teóricas e Práticas, coordinado por Burghard Baltrusch, da Universidade de Vigo. Na presentación participarán, a través de videoconferencia, o propio Baltrusch, autor dun dos estudos; e Genevieve Fabry (da [Universidade de Lovaina](#)), autora doutro dos estudos.

Posteriormente, impartirase, tamén a través de videoconferencia, unha comunicación sobre Lezama Lima a cargo de Carlos Martí ([Unión de Escritores y Artistas de Cuba](#)). Tras un pequeno descanso, terá lugar a presentación do *Volumen 13 de la CCCAC. El español en Cuba. Aportes a su descripción en el siglo XXI*. No acto estarán, a través de videoconferencia, as súas coordinadoras, Ana María González Mafud e Marialys Perdomo, ambas as dúas da Universidad de La Habana.

Paulo Gatica, investigador da USC, fará unha comunicación, impartida de xeito presencial, sobre "La netflixización del realismo mágico: algunas ideas a salto de mata". Xa para rematar esta primeira edición das xornadas de literatura hispanoamericana, presentarase a novela *Asesinato en el bosque de La Habana*, de Rigoberto Menéndez Paredes. O propio escritor fará a presentación do seu libro de xeito presencial.

As persoas interesadas poden asistir ás videoconferencias a través desta [ligazón](#). A actividade está organizada por Ana Gloria Chouciño Fernández, directora da Cátedra. Trátase dunha actividade formativa certificada con 10 horas para os programa de doutoramento Estudos da Literatura e a Cultura.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Ciencia aberta e humanidades dixitais

‘Ciencia aberta e humanidades dixitais’ é o título dun curso de formación que o día 14 deste mes de novembro se celebrará no Instituto da Lingua Galega, en Santiago.

Esta actividade servirá para aprender ferramentas para a xeración de achegas científicas de libre acceso, así como achegar información sobre o estado da produción científica para o acceso aberto.

Ao longo de catro horas, cinco expertos analizarán diferentes aspectos relacionados coa ciencia aberta e as humanidades dixitais. A xornada arrancará cun panel sobre “Acceso aberto e ferramentas dixitais”, onde Rocío Hernández Arias, investigadora posdoutoral do Ministerio de Universidades (Programa Margarita Salas) con residencia na Universidade de Vigo e no Instituto de Lengua, Literatura y Antropología (CCHS-CSIC), falará sobre a “Edición dixital automatizada: TEI e ChatGPT”. A continuación, Elena Díaz del Río, xefa

de Sección da Biblioteca Dixital de Galicia, dará a conferencia titulada “Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia e a reutilización de datos: o grafo de coñecemento da revista Nós”. A última intervención deste panel correrá a cargo de Emilio Abad Vidal, técnico superior en Sistemas de Información Xeográfica no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), coa charla “Humanidades dixitais e tecnoloxías de información xeográfica”.

Outra das actividades contempladas é a presentación do Portal da Cultura Impresa en Lingua Galega. Pablo García Martínez, investigador posdoutoral do Ministerio de Universidades (Programa Margarita Salas) con residencia no Instituto da Lingua Galega da USC, será o encargado de facer esta presentación. Xa, por último, Pilar Rico Castro, responsable da Unidade de Acceso Aberto, Repositorios e Revistas da Fundación Española de Ciencia y Tecnología (FECyT), impartirá a conferencia “Los nuevos retos de la ciencia abierta”.

Isto é o que algúns dos relatores nos contaron sobre o que van falar na formación:

[↩ Ir ao sumario](#)



ELENA DÍAZ DEL RÍO

Galiciana- Biblioteca de Galicia

Porque a Biblioteca Dixital de Galicia pode ser un recurso fundamental á hora da elaboración da tese?

